

Marx. Contextualización filosófica: o socialismo utópico, a economía política e a esquerda hegeliana.

Nun breve escrito redactado por Lenín, titulado *As fontes do marxismo*, o revolucionario ruso sinala o que considera que son as influencias máis destacadas que recibeu Marx e que constituirían as fontes das que brota, en diálogo crítico con estos pensadores, o pensamento marxista: o socialismo utópico francés, a economía política inglesa e a filosofía idealista alemana.

Socialismo utópico francés (s. XVIII-XIX): Baixo este rótulo acostúmase a incluír a un grupo de pensadores que, seguindo as liñas marcadas polo pensamento de Jean-Jacques Rousseau (s.XVIII), levan a cabo unha crítica da sociedade burguesa capitalista que se centra, principalmente, no rexeitamento da propiedade privada. Forman parte deste heteroxéneo grupo pensadores como Saint-Simon, Fourier, Owen ou Proudhon (“A propiedade é un roubo”).

Marx e Engels consideran os seus plantexamentos como unha especie de ideario romántico-utópico, xa que, se ben é certo que levan a cabo unha crítica da sociedade burguesa, as alternativas que ofrecen son irrealizables na práctica, por seren completamente utópicas. Ademais, o seu estudo do capitalismo é excesivamente superficial. Finalmente, critican tamén que as propostas que ofrecen non implican un cambio real respecto das condicións de existencia da sociedade burguesa, pois as utopías socialistas que aparecen nos escritos destes pensadores son perfectamente compatíbeis co capitalismo.

Fronte a eles, Marx e Engels pretenden elaborar un socialismo científico, isto é, unha análise científica global de todos os elementos que integran a sociedade capitalista: economía, sociedade, política, ideoloxía, dereito, etc. Neste sentido, considérase a Marx un dos fundadores das ciencias sociais contemporáneas. Pero esta investigación científica da sociedade burguesa capitalista (a teoría), debe estar ao servizo da praxe, isto é, da transformación revolucionaria do orde social vixente. Esta convicción fundamental de que o marxismo ten que ser, á vez, teoría e praxe, queda recollida na famosa 11 Tese sobre Feuerbach: “Os filósofos non fixeron máis que interpretar o mundo de diversos xeitos, do que se trata é de transformalo.”

Economía política inglesa: Incluímos nesta corrente de pensamento economicista aos pensadores liberais que profundizaron nas directrices marcadas polo liberalismo clásico de John Locke: Adam Smith e David Ricardo. A pretensión de Marx é ofrecer unha análise alternativa e de contido crítico ao estudo do capitalismo elaborado pola Economía política (ou liberalismo económico) que trata de lexitimar, isto é, de xustificar o orde socio-económico imperante. As ideas de que a búsqueda do interese privado por parte do individuo repercute no ben xeral (*Fábula das abellas*, de Mandeville) e de que o libre mercado se autoregula grazas a una especie de man invisible, constitúen dous aspectos desta ideoloxía liberal que Marx criticará frontalmente.

Filosofía idealista alemana(e a esquerda hegeliana): Coñécese co nome de idealismo alemán ao conxunto de filósofos que parten da filosofía kantiana como base para a elaboración do seu pensamento, sendo os filósofos máis destacados Fichte, Schelling e Hegel (morre en 1831).

Mención destacada merece este último, xa que exercerá unha gran influencia sobre o conxunto da cultura europea de inicio do século XIX, converténdose o pensamento hegeliano, especialmente en Alemaña, na filosofía oficial que é ensinada nas institucións académicas. Á morte de Hegel os seus discípulos escíndiranse en dúas tendencias: a dereita e a esquerda hegeliana, esta última liderada por Ludwig Feuerbach. Dende o punto de vista da exposición das influencias filosóficas recibidas por Marx, interésanos particularmente a esquerda hegeliana e Feuerbach, pois ao Marx universitario estudante de Dereito haino que incluír dentro dos xóvenes hegelianos de esquerdas, entusiasta seguidor das teses defendidas por Feuerbach, quen acometerá o intento de reforma radical do hegelianismo. Certamente, hai elementos da filosofía hegeliana que son recollidos por Marx, se ben este último despréndese das connotacións eminentemente idealistas que impregnan o pensamento de Hegel para substituír e integrar algunhas das doutrinas hegelianas dentro dun plantexamento materialista. Así, en especial, a concepción dialéctica da Historia como un proceso que se move debido a unha contradición interna é unha das ideas de Hegel que é retomada por Marx, pero trocando a dialéctica lóxica e conceptual de Hegel pola dialéctica histórica real da loita de clases. A grandes rasgos, a filosofía de Hegel é un idealismo que identifica a realidade coa Razón, a Idea ou o Espírito (termos equivalentes en Hegel): “O que é racional é real e o que é real é racional”. Tamén se define o ser humano en termos idealistas, o home é un espírito consistente en razón ou pensamento, sendo a esencia humana a autoconsciencia: o home é o único ser que ten conciencia de si mesmo.

Feuerbach criticará esta filosofía idealista dende o seu materialismo, considerando o idealismo hegeliano como pura abstracción por empregar termos abstractos e carentes de concreción real (nomeadamente, o concepto de espírito). Feuerbach afirma que o real é sensíbel, corpóreo e material, non meramente conceptual, espiritual ou ideal, como sostíña Hegel. Neste sentido, o materialismo de Feuerbach entronca co materialismo dos ilustrados Lametrie e D’Holbach. Consecuente coa súa visión materialista da realidade, Feuerbach definirá ao ser humano como un ser natural sensíbel; sensíbel debido a que, partindo de presupostos empiristas, Feuerbach asinte á tese de que é a través da experiencia como o home obtén a información acerca do entorno que o circunda. Sen embargo, Feuerbach non logra desprenderse completamente da poderosa influencia que exerce o idealismo hegeliano sobre o ambiente intelectual da Alemaña de principios do século XIX, pois, sitúa no sentimento relixioso a esencia específica do home.

É precisamente neste punto no que, logo de romper coa esquerda hegeliana, Marx formulará a súa crítica de Feuerbach ofrecendo unha visión alternativa do ser humano nas Teses sobre Feuerbach (1845).

Fronte ao materialismo contemplativo, adxectivo que Marx utiliza para criticar a concepción que do home ten Feuerbach ao concebilo como un suxeito pasivo que tan só percibe a realidade, Marx concibe ao ser humano como un ser que se define pola súa actividade: a praxe, a actividade especificamente humana, o traballo. O ser humano é, pois, un ser prático.

De tal xeito adquire relevancia a categoría *traballo* no pensamento marxista, que é a través desta actividade como o ser humano se constitúe non só en ser activo, senón asimismo en ser social e histórico.